

A feble saúde da galego, ten remedio?

Xaime Iglesias González

Dende que naceu, a miña primeira filla foi escoitando a lingua galega e tamén a castelá. Acordáramos que eu falaríalle sempre en galego e a nai en castelán. Con tres e catro anos xa distinguía os dous códigos (non sen certas interferencias e limitacións propias da idade e da situación), pero alá ao seu xeito expresábase e facíase entender xa fose nunha ou noutra lingua sen maiores dificultades. Cando ía cumprir os cinco anos incorporouse á educación infantil nun centro público (daquela era rara a posibilidade de comezar antes) e, velaquí que o primeiro día que volveu da clase veu falando exclusivamente castelán, única opción idiomática que mantivo durante moitos anos. Moi semellante situación volvemos vivir a nai e mais eu uns anos despois coa segunda filla, aínda que esta tiña catro anos cando comezou a ir ao colexio, tamén público, (por aquel entón xa había oportunidade de iniciar a escolarización a esa idade) coa particularidade de que tanto se agarrou ao castelán que deu en expresarse con certas hipercorreccións, como ditongar algunhas palabras. Se coñece que percibiu que o castelán ten máis ditongos que o galego (hierba/herba, cuento/conto) e chegou a dicir en castelán, por exemplo, *miel pesetas* (por mil pesetas) ou *cuocina/cuocina* (por cocina).

Non teño dúbida que ambas as dúas sentíronse presionadas e condicionadas polo ambiente escolar que lles cadrou vivir sen que o centro educativo tivese e puxese en funcionamento os recursos oportunos para contrarrestar esa presión. Faltaba e segue a faltar unha planificación lingüística escolar acorde coas necesidades do noso idioma e dos

alumnos, capaz de compensar a desgauguización ambiental da infancia e da mocidade. Resulta obvio aclarar que, pola súa curta idade, ningunha das dúas crianzas tiña prexuízos ideolóxicos-políticos, como ás veces se deixa oír, incluso de personalidades da lingua e da cultura galegas, para trataren de xustificar a débil situación da nosa lingua e a inacción das autoridades competentes neste eido.

Por aquela altura, década dos anos oitenta do século pasado, eu e a miña dona non tivemos a posibilidade de atopar un centro público, talvez tampouco privado, que nos garantise o cultivo axeitado da lingua galega que falaban as nosas fillas e a elas impúxolles o castelán. Felizmente, as dúas, xa adultas, abrazaron de novo o galego tanto nas súas relacións privadas como profesionais, se cadra, porque na casa mantivemos acceso a facho da nosa lingua. Que pasaría noutras circunstancias?

É certo que dous casos concretos non se poden elevar á condición de categoría, pero non me cabe a menor dúbida que esa situación lingüística non a sufriron soamente as nosas fillas, senón fillos e fillas de moitas familias que, de teren a posibilidade, optarían por un centro de ensino no que optimizar a lingua galega fose unha tarefa primordial. Tampouco foi unha imposición exclusiva daquel tempo, pois aínda hoxe, despois de trinta e tantos anos de "normalización lingüística", a Xunta de Galicia, por falta de vontade e/ou por incapacidade, non dispón de centros educativos de ensino obrigatorio onde se garantan os dereitos lingüísticos do alumnado galegofalante, e moito menos é quen de artellar as estratexias axeitadas para incorporar

novos falantes ao galego, consentindo, cando non promovendo, que o castelán se impoña na nosa propia terra, en contra da demanda dunha boa parte da sociedade galega, de informes de expertos do Consello de Europa, o último de abril de 2021, e de varias sentenzas do TSXG que deixan claro que este goberno galego incumpre sistematicamente obriga de fomentar uso do galego no ensino.

Mentres todo iso vén ocorrendo desde hai décadas, non faltan gobernantes, profesores, funcionarios, xornalistas, empresarios... e entidades varias que se atreven a afirmar con todo o cinismo que *en Galicia o galego se está a impoñer sobre o castelán*, que *o galego non se pode impoñer por decreto*, que *o galego debe estar á marxe da política* e outros descarados desatinos, que ao seren repetidos unha e outra vez calan en certas capas da sociedade que, erradamente, rematan pensando que adoptar medidas lexislativas a favor do galego é tanto como impoñelo e politizalo e que a imaxinaria prevalencia do galego sobre



o castelán sería un adoutrinamento nacionalista que atentaría conta as liberdades individuais, mentes que a real imposición do castelán sobre o galego considéranos como algo natural. Non se decatan que o desleixo polo galego e a imposición do castelán, que arrinca no século XV cos Reis Católicos e tivo especial intensidade durante o réxime franquista, obedece a razóns políticas que trataban e tratan de facer realidade a idea política dunha España centralizada e uniforme. Sendo así, ninguén se pode estrañar que as decisións que puidesen adoptarse coa pretensión de recuperar o uso normalizado da lingua galega sexan consideradas decisións políticas, porque tamén son decisións políticas aquelas que buscan a súa irrelevancia, que son moitas.

Malia que o Estatuto de Autonomía galego establece que *"...os poderes públicos de Galicia [...] potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento"*, acontece que a maioría das iniciativas están dirixidas exclusivamente ao ensino (coas eivas que acabamos de comentar) deixando desamparada a lingua nos múltiples aspectos nos que se podería estimular o seu impulso. É certo que sectores da sociedade civil, a través de asociacións culturais, veciñais e outras entidades de máis ampla incidencia veñen traballando arreo a prol do galego, pero o seu encomiable labor, feito con esforzo, dedicación e compromiso, aínda que necesario e mesmo imprescindible, resulta insuficiente e non ten a posibilidade de substituír de ningún modo a acción que lle compete aos poderes públicos, sinaladamente a Xunta de Galicia.

Permítaseme agora referir un caso que puidese reflectir as posibilidades de recuperación dunha lingua

minorizada como o galego. Coñezo unha parella nova, galega, que por razóns de traballo, emigrou a unha cidade próxima a Barcelona capital, comparable a Vilagarcía por demografía e extensión, pero sen porto de mar aínda que máis industrializada. Ambos consortes son castelanfalantes e, aínda que a señora tamén domina o galego, a lingua familiar é o castelán e esta foi a lingua que coñeceron os seus tres fillos desde a nacemento. Estes, ao incorporarse ao sistema educativo nun centro público, aprenderon catalán, lingua coa que se comunican perfectamente xuntamente co castelán.

Cando tiñan tres ou catro e viñan visitar os avós facían un reparto peculiar no emprego das linguas: coas persoas maiores falaban castelán, pero con outros nenos e nenas expresábanse en catalán, polo menos inicialmente. Esa distribución

idiomática parece responder aos usos que os cativos observaban e practicaban acotío na súa cidade. Isto é, os maiores falan con máis frecuencia castelán (nesa cidade existe unha considerable colonia de inmigrantes procedentes doutros puntos da península) polo que, segundo a súa percepción, cómpre falarlles en castelán; mentres o catalán víano como a lingua dos cativos, no colexio, na rúa, no parque infantil. E tal dicotomía trasladábase, inxenuamente, a outras latitudes, entre elas Galicia, deixando claro que eses nenos foron gañados para o catalán, sen detrimento do castelán que seguen a falar no fogar e onde lles cumpra. Aínda que sexa obvio, convén destacar que cando estes nenos, e é de supoñer que outros moitos, identifican o catalán como a lingua de relación preferente entre crianzas, están dicíndonos que esa lingua ten o futuro, pois elas, futuras persoas maiores, serán capaces



de seguir empregándoa entre si e de transmitila a vindeiras xeracións como acontece nas linguas normalizadas.

Agora eu teño unha neta. A lingua que coñeceu desde o berce é o galego. Pais, avós, achegados e amigos da familia diríxense a ela na nosa lingua. E, aínda que sempre hai alguén que lle pregunte *¿cuántos años tienes?, ¿cómo te llamas?* e outras rutinas que se dirixen aos cativos, ela tiña como única lingua de relación o galego. Cando ía cumprir os tres anos, incorporouse ao ensino infantil nun centro público e pouco a pouco foi captando o código castelán e, coas interferencias e incorreccións comprensibles, aprendeu a expresarse nesa lingua, feito certamente positivo. A nena “sabe” dúas linguas, marabilloso. Mais non parece tan marabilloso o seu esquema de uso, oposto ao dos nenos antes mencionados. Con poucas excepcións, cando fala con xente maior segue a expresarse en galego, pero cando se relaciona con outras crianzas e mesmo cando enreda soa na casa cos seus xoguetes, os diálogos ou soliloquios exprésaos maioritariamente en castelán. Semella que percibe que moita da xente maior fala galego. Mais no colexio, onde o peso do castelán é considerable, os nenos e nenas relaciónanse en castelán. Esa percepción da miña neta e de seguro a de moitas outras crianzas pon de manifesto o incerto futuro do galego, pois se os actuais nenos e nenas descoñecen e/ou non falan a nosa lingua entre eles, queda patente a quebra da transmisión interxeracional e o galego pasará necesariamente a un plano residual e mesmo podería rematar por desaparecer.

Velaquí que é doado colixir que o estado actual do galego é complicado, enfermizo. Ás ilustrativas escenas devanditas podemos engadir que, segundo un estudo

da Real Academia Galega, un 35% do alumnado de cuarto curso de secundaria carece de competencia en lingua galega, feito que, ademais de conculcar gravemente a Lei de Normalización Lingüística de 1983, que establece que ao final do ensino obrigatorio todo o alumnado debe ter igual competencia en castelán e galego, pon de manifesto que o decreto 79/2010, chamado “de plurilingüismo”, que actualmente regula o galego no ensino, amósase contrario ao fomento da lingua, e sitúase moi lonxe de compensar a desgaleguización familiar e ambiental da infancia e da mocidade, malia que no seu artigo 4, apartado 1, tamén recolle como principio básico a garantía do dominio igualitario das dúas linguas oficiais de Galicia ao remate do ensino obrigatorio.

Porén, ao meu entender, a situación penosa do galego non é irreversible se non o abandonamos á súa sorte nin o deixamos agonizar. O primeiro paso a dar polas autoridades será facer unha sincera autocrítica e recoñecer que o referido proxecto de plurilingüismo actualmente vixente non mellorou nin mellora o *status* do galego, ao contrario, a desafección polo galego continúa cada vez con maior intensidade. Despois, precísase unha profunda reflexión sobre como enxergar un futuro esperanzador para a lingua. De aquí debe saír unha planificación ambiciosa, aberta, rigorosa e decidida na súa aplicación que conteña elaborados modelos de ensino, socialización, mentalización e rescate lingüístico, explorando

se é preciso, iniciativas que funcionaron e aínda seguen a funcionar con eficacia noutros territorios cuxas autoridades tomaron en serio a recuperación das respectivas linguas minorizadas. Sendo esenciais, non basta con establecer medidas centradas unicamente no ensino infantil e obrigatorio, incapaces por si soas de profundar na normalización da lingua. Cómpre enfocar as accións con amplitude de miras e dirixilas tamén ás administracións públicas, ás empresas, ao tecido social, á igrexa á universidade, ao mundo da cultura (teatro, cine, música, literatura...), á festas populares, ao deporte, aos medios de comunicación, ás novas tecnoloxías, etc.

Pensamos que a feble saúde da galego ten remedio, pero só cun proxecto poliédrico, valente e audaz, dotado de medios suficientes para realizalo, se pode evitar que un día a nosa lingua quede reducida unicamente ao interese de lingüistas e museólogos.

